

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	ALFOZ
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santiago de Adelán
<b>Dirección</b>	Lugar da Igrexa, 2. 27773
	43.516710 -7.395374
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>A igrexa actual é o froito dunha serie de intervencións ao longo dos séculos. Del século XII consérvanse algúns elementos, aínda que a parroquia xa existía no século VII e hai autores que datan a portada no século X, pero o resto da construción é do século XVII. Ten tres naves separadas por arcos de medio punto e a sancristía situada detrás da cabeceira. A teitume da capela maior é de madeira e caída a catro augas e a sancristía a tres. A fachada principal conserva a portada románica, con arco de medio punto con dúas arquivoltas de arco de medio punto e dous pares de columnas con capiteis con ornamentación vexetal e zoomorfa. As bases son, a súa vez, capiteis invertidos da época sueva ou visigoda. Presentan decoración variada dende o peixe (primitivo signo cristián) ata a concha de vieira (o patrón da parroquia e de Santiago) pasando polos motivos vexetais. No muro exterior da sancristía, atópase unha cruz sobre o círculo que pode ser símbolo de consagración do templo na época medieval. Ten espadana de dous vans e consérvanse retablos no interior.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET
<b>Data</b>	20-02-2026

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">BLANCO LÓPEZ, JOSÉ ANTONIO (MONDOÑEDO)</a>	1909	55	96
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">CABRILLO MAYOR, JOSÉ</a>	1943	60	125

Información completa: [Igrexa de Santiago de Adelán - ALFOZ \(GALICIA\)](#)

